

1. Completa con **haber** ou **a ver**.

- Ten que _____ un lapis no caixón _____ se o atopas.
- O luns pode _____ un exame _____ se estudas.
- Esta curva é perigosa, debería _____ un sinal, non vaia _____ un accidente.

2. Escolle a palabra correcta para completar as oracións.

- Non debería _____ (haber/a ver) nada _____ (aí/ai!/hai) enriba.
- _____ (Ei!/Hei) non metas a man _____ (aí/ai!/hai) que pode _____ (haber/a ver) serpes.
- Xa _____ (aí/ai!/hai) máis dunha hora que está _____ (aí/ai!/hai) metido _____ (haber/ a ver) se lle pasou algo.
- Por que _____ (ei!/hei) de facer os deberes se mañá non _____ (aí/ai!/hai) colexio?

3. Completa as seguintes oracións con **haber e a ver**.

- Eu penso que debería _____ moita máis xente alí.
- Vou para casa, _____ se remataron coas obras.
- Ten que _____ máis de douscentos exemplares naquela biblioteca.
- Esta curva é moi perigosa, debería _____ un sinal.
- _____ cando me chamas!
- Mira aquel carteliño _____ que pon.
- O venres podería _____ unha sorpresa moi grande.

4. Completa as seguintes oracións con **hei e ei!**

- _____ Xián. Por que fixeches iso?
- Por que _____ de ir ao colexio se hoxe non hai clase?
- _____ chamarte por teléfono a ver que tal estás.
- _____ Ten coidado co que fas.
- _____ Canto tempo sen verte!

5. Completa as seguintes oracións con **aí, ai! e hai**.

- Xa _____ moitos anos que estou fóra.
- Por _____ vén o teu irmán.
- _____ Que alegría acabo de levar.
- _____ Pero que guapa estás!
- _____ unha cadeira que está estragada.
- Mira! _____ un camiño de terra.